

AS CORNETADAS NA COMARCA DE TUI

X. MIGUEL GONZALEZ FERNANDEZ

Grupo de Arqueoloxía "Alfredo García Alén"

Resumen: Las cornetadas son una de las manifestaciones populares gallegas que más se mantienen en vigencia. Es una algarada nocturna en que se toca un cuerno y se cantan coplas, que se dedican a ciertas parejas que no pagan un canon. La algarada finaliza el décimo día con un enterramiento y la lectura de un testamento o con la aparición de las fuerzas del orden.

Abstract: "Cornetadas in Tui district". Cornet playing is one of the most popular Galitian traditions that still exists up to the present day. It involves making a tremendous fuss at night by blowing a horn (cornet) and singing verses to certain couples who do not agree to pay a canon and which is brought to an end on the tenth day with a "burial" and the reading of a "testament", or previously, by the appearance of the forces of law and order.

Résumé: "Les cornetadas dans la contrée du Tui". Les cornetadas sont une de les manifestations populaires galiciennes qui plus se maintiennent en vigueur. C'est une clameur nocturne dans laquelle on joue un corne de boeuf et on chante couplets, qui se consacrent a quelques couples qui n'ont pas donné pourboire. La clameur finisse le dixieme jour avec un "enterrement" et la lecture du "testament" ou avec la presance de la police.

Este traballo realizouse ca colaboración dos alumnos da rama de Electricidade do I.F.P. de Tui e baixo a dirección do que suscribe. A investigación basase en casi tres ducias de testemuñas, onde se recollen unhas vinte cornetadas, quenes veñen a constituir unha das mais interesantes, curiosas e vivas mostras das manifestacións populares galegas que aínda se conservan. O marco de estudo é a comarca tudense, integradas polas terras dos concellos de Tui, parte S. de Tomiño e as do Val do Louro no curso inferior. Cronoloxicamente van dende pouco antes da Segunda República até a mais recente actualidade.

O nome de "cornetadas" parece que deriva de que orixinariamente a mais importante actividade dos participantes consistía en tocar os cornos, mais tamén podería ser de que en moitas ocasións celebráranse por cuestións de infidelidade matrimonial. Estas manifestacións populares continuaron con toda vixencia durante a época franquista, quizais polo seu carácter moralizante e aínda por contar ca complicidade do párroco, quen moitas veces participaba solapadamente escribindo os "testamentos", etc.; nestes derradeiros anos produxose unha importante revitalización desta tradición.

As cornetadas van dirixidas sempre en contra daqueles veciños que manteñen unha relación considerada polos demais como anormal ou sospeitosa, incluíndose as parexas de solteiros, o adulterio e a convivencia ou casamento de viudos, xeneralmente recentes e de avanzada idade. Antes de escomenzar a cornetada, os organizadores pidenlle a cámbao de cancelala unha cantidade de diñeiro para costear unha festa, unha cea de cordeiro, etc., engadindoselle antigamente unha certa cantidade de viño co que rega-lo xantar, mais na actualidade os cartos son repartidos

entre os participantes, así fai poucos anos, en Gullarei (Tui), un viudo chegou a pagar 36.000 Pts. Noutras ocasións a petición realizase cando a cornetada xa está en marcha. Si as vítimas non aceptan esta condición, e cando da escomenzo a algarada popular.

O primeiro é "bautizar" ás vítimas con nomes vencellados cunha característica da súa personalidade ou cun acontecemento derivado da situación que motivou a cornetada; así recolléronse: TABELIRON e MURALLA (Rebordáns, Tui), ANTICIPADO e CULEBRINA (S. Bartolomé, Tui), COLOMBO e SALDAÑA (Soutelo, Salceda), XAN PEQUENO e TROULOROU (Rebordáns, Tui), COCODRILO e COIMBRA (Rebordáns, Tui), TEIXUGO e CABRA (Sobrada, Tomiño), MACHO e CABRA GALLEIRA (Guillarei, Tui), CARECO e CACHUCHEIRA (Chenlo, Porriño), etc. Por exemplo, o alcume de "Cocodrilo" foille posto porque finxiu sentir a morte da súa muller enferma, pra logo irse xuntar cunha portuguesa, "Coimbra"; "Xan pequeno" pola súa reducida estatura, e "Trolorou" por todo o contrario...

As cornetadas tradicionalmente duran nove días, ou millor, nove noites; se durante ese tempo as vítimas se siguen resistindo a pagar, rematase a festa cun "enterro"; nalgúns ocasións prolongase a duración, mais o común é que acabe antes a causa da intervención policial. Xeneralmente a algarada escomenza a partires da medianoite e prolongase ata altas horas da madrugada, sempre á vontade dos organizadores, participando primordialmente a xuventude, entre a que non é extraño atopar os fillos crecidos dos viudos "homaxeados", aínda que tamén se fai extensiva ó resto do vecindario, que participa dende as súas propias casas ou lugares de privilexiada resonancia. Normalmente a mocidade chama ós seus amigos doutras parroquias veciñas; así fai dous anos chegou a Guillarei (Tui) a rapazada de Caldelas, Paramos, Randufe e Malvás (Tui) e aínda do Porriño.

Durante os nove días anteditos, os participantes adicábanse a tocar orixinariamente cornos de vaca ou boi preparados, que podían chegar a medir medio brazo, e tamén usábanse cunchas de caracolas e perolas; recentemente incorporáronse as bocinas de trens ou camións e aparatos de elaboración caseira, como botes de insecticida furados con gomas incorporadas, etc. O outro aditamento fundamental constituían as coplas inventadas polos participantes, de carácter picante e aínda obsceno, alusivas as relacións das vítimas. Podense sinalar algunhas, como ésta de Chenlo (O Porriño, 1940):

"Pedro Carecas, Pedro Carecas,
ti non naciches nunha vila,
senón nunha eira;
ti non naciches nun penedo,
senón na corte da panadeira".

Ou mesmo esta outra de Sobrada (Tomiño, 1959):

"¡Hai Cabra, Cabra!, con quen te foches xuntar,
vaste xuntar có Teixugo, e moita fame vas pasar".

E aínda ésta de Rebordáns (Tui, 1984):

"Cocodrilo, cocodrilo, eres tan papán,
que te casaches cunha muller de segunda man".

As cornetadas tamén se celebraban cando as vítimas ían casar, rodeandoos pra impedir-lles chegar ata a eirexa, de xeito que nalgún caso, como en Ribadelouro (Tui), en 1944, tiveron que contraer matrimonio ás 9 ou 10 da noite.

No décimo día procedíase a celebrar o "enterro", onde resultaban imprescindibles as figuras do crego ou predicador e dos luminarios, que ían seguidos dunha procesión chea de velas; o "predicador" podía-se encaramar nun alto, dende onde contaba a vida dos "difuntiños", e a cada parada do camiño cantabase unha copla. Son tradicionais na veira do Miño os ataúdes, que ó re-

mate eran tirados ó río. Non poden fallar os monecos, primitivamente con corpo de palla, ollos de laranxa, etc., enriba dun carro tirado por bois, que representa ás vítimas ou o seu alcume, e aínda outras que mostran distintas situacións, como uns vellos aburridos xogando ás cartas no asilo, etc.; xunto a éstas ían moitos veciños disfrazados de xenerais, fotógrafos, emigrantes, etc. Unha vez feito o percorrido de rigor, procedíase a queimar os monecos, en medio dunha festa a toque de gaita, e logo a ler o "testamento", onde se indicaba ó reparto dos bens dos "mortos". Na cornetada do Cocodrilo non se poido facer enterro por marchar éste a América, gardándose os preparativos para súa volta, mais ó final acabouse constituindo unha festa chamada das "Mimosas" que se celebra en febreiro, onde se reproducen as carrozas, os disfraces, etc.

En motisimas ocasións as vítimas reaccionan violentamente, as veces ante a barbarie dos participantes, escomenzando por disparar ó ar ou tirar cartuchos de fogueo, e aínda saíndo a estacazos, pero como estas medidas só consiguen empeora-las cousas, proceden a chamar ás forzas de orden público, que actúan disolvendo ós participantes e prendendo ós cabecillas, que logo serán multados pola autoridade competente. Teñense dado algunhas anécdotas xocosas, e cando aparecían se lles cantaba:

"Esto vai por arriba dun rail,
escapar todos que ahí ven a guardia civil".

Nalgúns casos son ós propios veciños, contrarios a esta tradición ou molestos polo ruído, quenes toman medidas tales como encher de aceite o chan para que resbalen, mais como non consiguen nada, acaban avisando á policía.

TRANSCRICION DO "TESTAMENTO" DO TEIXUGO E A CABRA (SOBRADA, TOMIÑO-1959)

TESTAMENTO DEL TEIXUGO

Yo, Abogado Notario del Ilustre colegio de Montevideo Dn. Ignacio Montero Santos.

Ante mi comparecen Dn. Teixugo y Dña. Cabra, que a mi juicio creo no están en su legal capacidad, y los testigos así lo afirman.

Determinación de Dn. Teixugo.

- 1.º Todo lo que le he limpiado a mi Sra. amada se lo dejo a mi querida Cabra.
- 2.º E como teño moito diñeiro tamén lle deixo un pedaciño no outeiro pra que coma algún carrasqueiro.
- 3.º Todo lo que pueda adquirir y recuperar se lo dejo a mi hijito para que me pueda funerar.
- 4.º Las herramientas de carpintero se las dejo a mi hijastro por ser hijo del carbonero.
- 5.º Las herramientas de albañil se las dejo al padre de mi querida por ser un galopín.
- 6.º El prado, el campo longo y la heiriña se lo dejo a la madre de mi querida porque se está quedando una corraña.
- 7.º Todas las ropas usadas se las dejo al Sultán porque toda su vida se lleva de lapán.
- 8.º El reloj de pulsera se lo dejo a la madre de mi estucadora por ser la consentidora, y si algo me queda y me olvido se lo dejo al hijo de mi querida que queda vivo.

Firmado y publicado
Este capital está chupado
(firma ilegible)

TESTAMENTO DE DÑA. CABRA

Yo, Abogado Notario del Ilustre Colegio de Ferreiros Dn. Casiano Silverio Carrasco.

Ante mí comparecen Dña. Cabra, soltera de 30 años de edad que a mi juicio creó está en su legal capacidad y los testigos así lo afirman.

Determinación de Dña. Cabra.

1.º Todo lo heredado de mi finado Teixugo se lo dejo a mi hijo primero por ser del carbonero.

2.º El aparato de arradio se lo dejo a mi madre Correña, porque por verguenza ya no irá a la festiña.

3.º Todos los enseres de casa y ropas de lujo se los dejo a mi segundo hijo por ser del Teixugo.

4.º 2 catalanas, 1 sartén e un pucheiro deixollos o meu pai por entregar a sua filla pola xusma do diñeiro.

Firmado y rubricado que ó Teixugo e mais a Cabra son pouco onrados.

(firma ilexible)



Lám. 1.- Vista de conxunto da **cornetada** do Teixugo e a Cabra (cedida por A. García Alvarez).



Lám. 2.-
Detalle dos monecos da anterior **cornetada** (cedida por A. García Alvarez)